



Alba Maragoto López

EXCURSIÓN Ó RÍO XUNCO

O xoves 29 de outubro o curso de 2º da E.S.O fomos ao río Xunco (Cervo). Tivemos sorte porque nos tocou ir nun día precioso, ía sol e nada de frío. Ás nove da mañá foinos buscar un autobús ó instituto e acercounos ata o río. Os mestres que nos acompañaron foron: Celso, Saa, Montse e tamén viñeron uns rapaces de Santiago que eran especialistas en analizar os ríos.

Unha vez alí, Paco, un dos monitores de Santiago, estívonos explicando en que consistía o que íamos facer e como o íamos facer. Dividíronnos por grupos de catro e de cinco e déronnos a cada grupo dúas fichas que tiñamos que ir cubrindo a medida que íamos avanzando pola beira do río. Nunha das fichas señalábanse o tipo de vexetación, os residuos que nos atopábamos e cousas dese estilo. Na outra ficha había que debuxar o río.



Ó principio non estabamos moi animados, pero segundo ía pasando o tempo, xa nos parecía aquilo máis interesante. Acercámonos ata un antigo muíño e alí estivemos observando se había algún tipo de residuo, como era o cheiro do ambiente, se había vexetación polas dúas beiras... Despois de mirar eses detalles e algúns máis, acercámonos un pouco á auga para poder observar con máis precisión.

Máis tarde fixemos un descanso no que nos deron un paquete de galletas e un zumo a cada un para coller forzas. Estivemos sentados nun campo no que se estaba moi a gusto porque daba o sol e a temperatura era moi agradable, semellaba que estabamos na primavera.



Despois dese pequeno descanso, asignáronnos a cada grupo unha acción diferente; a uns calcular a temperatura, a outros a velocidade, a sombra e outros tivemos que recoller bichos, aínda que en realidade nós tan só suxeitabamos as bandexas onde se ían meter os bichos. Iso foi ó que máis gustou á maioría da xente porque logo a cada grupo déuselle unha bandexa e nela tiñamos que atopar bichos, pero non era tan doado porque eran moi pequeniños e non se vían a simple vista. Atopamos unha chea deles e aprendimos o nome dalgúns. Logo recollimos todo o material que empregamos para esa última actividade e, por último, Paco sinalounos en que grao de contaminación estaba o río. Iso deducíase por todos os datos que recolléramos ó longo de toda a mañá. A contaminación do río estaba entre o nivel 1, que era o máis saudable e o nivel 4, que xa non o era tanto. Con todo isto, díxonos que estaba nas nosas mans a saúde do río e quitamos unha foto en grupo. Dirixímonos ó autobús e este levounos ó institutito, no que aínda tivemos uns minutos de clase.

Alba Maragoto López. 3º ESO